



NORMAS XERAIS DA BIBLIOTECA

Á biblioteca véñse voluntariamente, non é un sitio de castigo.

Apagamos o móbil porque somos moi considerado/as cos/coas demais

Gardaremos silencio ou procuraremos non alzar a voz cando traballemos en grupo.

Os xornais e revistas non se poden sacar fóra da sala e deberán deixarse no seu sitio unha vez consultados.

Somos ben ordenado/as, deixamos todo como o atopamos.

O uso dos ordenadores destinados ao alumnado será de carácter individual ou, como máximo de dúas persoas. O profesorado de garda poderá limitar o tempo de utilización de cada usuario (cando hai moita demanda) e restrinxir o acceso a xogos, you tube, metroflogs, Chats... (se non teñen unha compoñente didáctica).

SERVIZO DE PRÉSTAMOS

O/a encargado/a de realizar o préstamo é o/a profesor/a de garda da biblioteca.

REQUISITOS

Alumno/as: carné da biblioteca ou DNI.

Demais membros da comunidade educativa: DNI

PRÉSTAMO DE FONDOS A DOMICILIO

Todo, agás: revistas, dicionarios, enciclopedias e fondos que o profesorado considere de uso común.

Podemos levar en préstamo un máximo de **tres** materiais.

DURACIÓN DO PRÉSTAMO

-Libros: **15 días**, renovables se temos máis exemplares.

-DVDs, Vídeo, CD-Rom: **3 días**, renovables.

PENALIZACIÓNS

Se nos demoramos reincidentemente nos prazos dos préstamos :

⇒ Quedaremos privados de préstamos no tempo que estipule o Equipo de Biblioteca.

Se deterioramos ou perdemos materiais :

⇒ reporemos o material ou abonaremos o seu custo en metálico

Se subtraésemos fondos:

⇒ restituiremos o subtraído + medidas correctoras.





NORMAS DE USO DOS ORDENADORES

- Solicitamos permiso o/a profesor/a de garda e anotámonos no rexistro de uso dos ordenadores.
- Utilizamos o ordenador para actividades relacionadas cos contidos das materias do currículo escolar ou con orientación profesional e académica.
- Respectaremos a legalidade en materia de propiedade intelectual e faremos un uso axeitado do servizo, tendo sempre presente os principios que rexen a actividade da Biblioteca Escolar.
- Seremos os únicos responsables da información que poidamos recuperar ou á que poidamos acceder.
- Gardamos a información sen almacenala no escritorio nin en carpetas ou arquivos.
- Respectamos a configuración do ordenador, incluída a aparencia do escritorio.
- Usamos os programas preestablecidos sen instalar programas ou software no disco duro dos ordenadores.

NORMAS DE USO DA IMPRESORA

- Solicitamos permiso o profesor/a de garda.
- Só imprimimos material para clase.
- Cando non necesitamos cor, imprimimos en escala de grises.
- Se é posible, reciclamos papel.

